



ANUNCIO DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA COMISIÓN DE CONTRATACIÓN

Expediente: GALP-RP 002_2023_F

Procedemento: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTORÍA E ASESORÍA LABORAL, FISCAL E CONTABLE DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA

Asunto: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Primeiro.- Reunida a Comisión de Contratación do GALP Ría de Pontevedra na data do 31 de agosto de 2023 ás 19:00 horas, para a valoración do procedemento de contratación arriba indicado, e asistindo:

NOME	ENTIDADE	CARGO NA COMISIÓN
Sauro Martínez Durán	Confraría de Pescadores de Sanxenxo	Presidente
Cristina Acuña González	Concello de Marín	Secretaria
César Rodríguez Piñeiro	Confraría de Pescadores de Pontevedra	Vogal
M ^a Elena Padín Gómez	Confraría de Pescadores de Raxo	Vogal
Laura Nieto Zas	Xerente do GALP Ría de Pontevedra	Xerente do GALP-RP *

* Todos os asistentes actúan con voz e voto, a excepción da xerencia, que non ten voto.

Segundo.- Valoradas as ofertas presentadas para o procedemento indicado, resulta:

- Que foron admitidas as propostas enviadas polas seguintes entidades licitantes:
 - ASESORÍA TEMIS S.L.
 - COCAVI S.L.
- Que non resultou excluída ningunha entidade licitante.
- Que logo da valoración atendendo aos criterios de adxudicación avaliados de xeito automático segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, observouse que ASESORÍA TEMIS S.L. incorre en baixa temeraria.
- Que solicitadas e recibidas as aclaracións oportunas por baixa temeraria á entidade ASESORÍA TEMIS S.L., a baixa temeraria resulta dun erro cometido pola entidade na presentación da cantidade a facturar mensualmente na oferta económica, non o





importe total anual segundo o especificado nos Pregos, polo que se desestima a proposta de dita entidade.

- Que finalizada a valoración das ofertas, o resultado da puntuación obtida é o seguinte:

ENTIDADE LICITANTE	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO				TOTAL PUNTUACIÓN
	OFERTA ECONÓMICA (Máx. 60 ptos.)	PTOS.	EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 40 ptos.)	PTOS.	
ASESORÍA TEMIS S.L.	Baixa Temeraria		15 anos	40	Desestimada
COCAVI S.L.	1.920,00 € (sen IVE)	60	0 anos	0	60

Terceiro.- Polo todo o exposto, a Comisión de Contratación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA PROPOÑER** ao órgano de contratación do GALP Ría de Pontevedra, a adxudicación do contrato para o servizo de **Xestión e Asesoría Laboral, Contable e Fiscal do GALP Ría de Pontevedra** á entidade **COCAVI S.L.**, con CIF B36057511, polo importe de **1.920,00 € anuais + IVE**, sendo a oferta máis vantaxosa das recibidas, segundo os criterios de adxudicación establecidos nos Pregos.

Ábrese un prazo de **3 días hábiles para presentar alegacións** ao contido da proposta. En caso de non haber alegacións, esta proposta terá a consideración de definitiva.

E para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente proposta de adxudicación Sauro Martínez Durán, en calidade de presidente da Comisión de Contratación.

En Marín, a 31 de Agosto de 2023.

Asdo.: Sauro Martínez Durán
Presidente da Comisión de Contratación

